


CANLE ESTÉREO:
Ten dúas entradas tipo jack.
A entrada da esquerda (L)
tamén serve como entrada mono.
O control de nivel é un botón.

**SAÍDA PHONES
(AURICULARES)**



ENTRADA XLR

ENTRADA JACK

LOW CUT: Corta as frecuencias graves.

TRIM: Axusta a sensibilidade das entradas MIC ou LINE.

COMP: Axusta a cantidade de compresión en cada canle.

EQ: Estes controis potencian ou atenúan as frecuencias altas, medias ou baixas da canle.

AUX 2/FX: Envía o sinal da canle á procesadora de efectos interna.

PAN: Sitúa á canle no campo estéreo, de esquerda a dereita.

MUTE: Silencia a canle no MAIN MIX e envía a ALT 3-4.

SOLO: Permite escoitar a canle por si soa.

FADER: Axusta o volume da canle. A posición central do fader é o 0.

NÚMERO DE CANLE

LISTA DE EFECTOS


PROCESADORA DE EFECTOS:
Permite engadir un efecto ás sinais enviadas a través da roda FX das canles. Para elixir o efecto, úsase o control rotatorio PROGRAM/PARAMETER. Tamén podemos ver o volume que lle chega á procesadora nos leds de LEVEL.

FX AUX SEND/RETURN:
O control SEND (envío) axusta o nivel que lle chega á procesadora de efectos. O control RETURN (retorno) axusta o nivel do sinal que sae da procesadora. Pódese poñer en SOLO o envío e mandar o retorno tanto ao MAIN MIX como á saída alternativa ALT 3-4.

VÚMETRO:
Mostra o nivel de sinal da saída principal (MAIN MIX). Cando chega aos led de CLIP, o sinal comeza a distorsionarse. Tamén hai leds que indican que a mesa está acesa (POWER) e que está activado o phantom (+48 V).

FADERS MAIN:
Axustan o volume da saída MAIN.

FADERS ALT 3-4:
Axustan o volume da saída ALT 3-4.



BOTÓN ACENDIDO

SAÍDAS XLR MAIN

CONECTOR IEC (corrente)

BOTÓN PHANTOM

CONECTOR USB (PC)

SAÍDAS JACK ALT 3-4

SAÍDAS JACK CONTROL ROOM